

en construcción de Eduardo Estévez.
un poemario que deixa ver como vai nacendo.

Antía Otero

“ á vista do último material que fun escribindo estes meses, teño elementos para pensar que podo estar no camiño de construír un novo libro. e decido compartir esta experiencia coa xente que pasa por aquí ” - comezaba Eduardo Estévez un 15 de Xaneiro de 2006 o seu poemario en construción . E así o fixo.

Eduardo Estévez é un deses poetas que realmente disfruta cos actos creativos, coas traxectorias dos procesos, co feito de compartir poemas e críticas positivas. Accións que poucas veces se ven dun xeito tanxible nos escritores, e que na súa voz chaman ao diálogo e á aprendizaxe.

A través do seu blog: www.oollodavaca.blogspot.com, “ a xente que pasa por aquí” (os visitantes) poden participar no proceso de construción do seu novo poemario, deixar comentarios na bitácora, facer suxestións sobre os textos e mesmo propoñer correccións dos versos... Toda unha aventura creativa pola que camiñar como lector activo da man do poeta que, cando menos, chama á reflexión.

Dende que a internet chegou ás nosas vidas coma unha ferramenta de traballo cotiá, foron moitos os escritores e as escritoras que se lanzaron a escribir na rede. Deste xeito tamén o fixo Eduardo, nun primeiro momento a través da web *Luagris* e dende hai un ano no seu blog. Novos soportes nos que o poeta síntese cómodo e nos que atopa a inmediatez perfecta para poder intercambiar cos lectores as súas opinións sobre o que vai escribindo. Aínda así, para o escritor non todas son vantaxes á hora de crear na rede. Xa que se ben a inmediatez e o grande número de lectores que visitan as páxina son dous dos grandes pros, tamén existen algúns contras. Neste senso, Eduardo apunta ao engadido emocional vencellado á tradición que posúe o papel e do que carece o novo formato, á non total accesibilidade por parte de todos os usuarios (polo tanto lectores en potencia) a internet, así como o ritmo de videoclip ao que están acostumados a se mover os achegados á rede e que impide manter a atención destes máis de uns poucos segundos. De todos xeitos, se algo ten de positivo a internet, ademáis de todas as vantaxes xa citadas, é a difusión.

Os blogs estanse a converter en xigantescos microuniversos onde expresámonos de forma autoxestionada. Unha vía empregada dunha forma fermosa e orixinal polo autor que aquí presentamos. *Oollodavaca* é o espazo onde Eduardo Estévez pensa con tranquilidade propia

cada palabra que dí. Olla ao mundo coa mirada posta na sociedade e no panorama literario, xestionando os seus textos coa delicadeza que o caracteriza.

Non é novo dicir que os amantes dos soportes tradicionais, entre os que moitos nos incluímos, podemos atopar textos de Eduardo impresos en papel. Por suposto que se así o queremos está na nosa man achegarnos aos seus poemas publicados en libros como: “ Só paxaros saíron desta boca “ , “ Lúa gris”, “ Os veos da paisaxe”, “ Caderno apócrifo da pequena defunta”, “ derrotas ” ou “ itinerarios”; máis a produción deste autor non remata nos lindeiros da celulosa. Asemade existen textos sitos na súa páxina web (www.luagris.net) e no blog (www.oollodavaca.blogspot.com). Tirado deste último, amosamos un poema que nos fala da *indecisión*. Unha pequena historia que trata daquelo que nos gustaría ter visto, daqueles personaxes que quixeramos ter sido. Un novo feito literario creado tendo en conta as vosas opinións e que Eduardo abre ao mundo coma un caramelo doce:

indecisión

senta sempre
na mesa do lado

poderías convidala a un café

ou escribir
un poema cos seus ollos

soñarás co café

mais a túa alma escolle
o desacougo breve do poema
a pequena morte de vela marchar e

na túa mesa
unha solitaria taza de café